

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no feito imponible.

Artigo 4º. Responsables

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. Devengo

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos servicios de retribución puntual, no momento de presenta-la solicitude de concesión ou autorización.

- Nos servicios de retribución periódica, devengarase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

Artigo 8º. Liquidación

- Cando se trate de servicios puntuais, liquidarase e esixirase a taxa en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o trámite do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

- Cando se trate de servicios de retribución periódica, liquidarase e esixirase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou na liquidación única anual.

- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarse a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9º. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11º. Normas de xestión

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

- Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

- Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2004.

A N E X O

Primeiro. Tarifa.

a) Metro cadrado de vía pública ocupado, ó ano 1,80 €

Segundo. Data de aprobación: 28 de outubro de 2003.

Fornelos de Montes, 20 de decembro de 2003.—O Alcalde, Serafín A. Martínez Martínez. 10099

E D I C T O

Ó non se ter presentado ningunha reclamación ó acordo do Pleno do Concello de data 28 de outubro de 2003 polo que se aproba provisionalmente a ordenanza fiscal do IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA e a fixación dos elementos regulados naquela, dito acordo elévase automaticamente a definitivo, podendo interpoñer contra o mesmo, os interesados lexítimos de conformidade co disposto no Art. 19.1 da Lei 39/88, recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece a Lei reguladora de dita xurisdicción.

O texto da ordenanza fiscal aprobada é o seguinte:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA NO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES

1. Constitúe o feito imponible do Imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de casquera dereito real de goce, limitativo de dominio, sobre os referidos terreos.

2. Dan lugar a realización do feito imponible:

- Todo tipo de transmisións de dominio sexa intervivos ou mortis-causa, onerosas ou lucrativas.

- Todo tipo de constitucións e transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio sexa intervivos ou mortis-causa, onerosas ou lucrativas.

Artigo 2

1. Está suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de terreos de natureza urbana a efectos do Imposto sobre bens inmobles, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro ou no Padrón daquel.

2. Está asimesmo suxeito a efectos deste imposto o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmobles clasificados como de características especiais a efectos do Imposto sobre bens inmobles.

Artigo 3

1. Non está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre bens inmobles.

2. Non están suxeitos a este imposto os supostos de contribución de bens e dereitos realizados polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicación que ó seu favor en en pago delas se verifiquen e transmisións que se fagan ós cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.

3. Tampouco están suxeitos ó imposto os supostos de transmisións de bens entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia de cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial.

Artigo 4

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia de:

- a. Constitución e transmisión de calquera dereito de servidume.
- b. As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado como conxunto histórico artístico, ou teñan sido declaradas individualmente de interese cultura segundo o establecido na Lei 16/1985 de 25 de xuño do patrimonio histórico español cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que teñen realizado o seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación de ditos inmobles nos cinco anos inmediatamente anteriores ó devengo do imposto.

Para poder gozar desta exención, os suxeitos pasivos deberán solicitar de forma expresa no prazo de declaración do imposto, acreditando, mediante facturas ou certificacións de obra, un desembolso efectivo que iguale ou supere ó valor catastral asignado ó inmovible no momento de devengo do imposto.

Achegando, ademáis a seguinte documentación:

- Licencia municipal ou orde de execución.
- Copia de autoliquidación de taxas de obra.
- Copia de autoliquidación do ICO.
- Presuposto de execución material.
- Certificado de final de obra.

Artigo 5

Están exentos deste imposto así mesmo, os incrementos de valor correspondentes cando a condición do suxeito pasivo recaía sobre as seguintes persoas ou entidades:

- a) O Estado e os seus organismos autónomos.
- b) A Comunidade Autónoma Galega, a provincia de Pontevedra e os seus organismos autónomos.
- c) O Concello de Fornelos de Montes e os seus organismos autónomos administrativos.
- d) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico-docentes.
- e) As entidades xestoras da Seguridade Social e as mutualidades de previvión social reguladas pola Lei 30/1995 de 8 de novembro de ordenación e supervisión de seguros privados.
- f) As persoas ou, entidades a quen se teña recoñecido exención en virtude de Tratados ou Convenios Internacionais.
- g) Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectos ás mesmas.
- h) A Cruz Vermella Española.

Artigo 6

1. É suxeito pasivo do imposto a título de contribuínte:

A) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título lucrativo, a persoa física ou xurídica ou a entidade a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral tributaria que adquiera o terreo ou a favor de quen se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

B) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título oneroso, a persoa física ou xurídica ou a entidade a que se refire o artigo, 33 da Lei xeral tributaria que transmita o terreo ou, que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

Artigo 7

1. A base imponible deste imposto estará constituída polo incremento do valor dos terreos de natureza urbana posto de manifesto ó longo dun período máximo de vinte anos.

2. Determinan o incremento do valor dos terreos de natureza urbana o valor deses terreos no momento do devengo e o período de xeración de incremento do valor.

3. Entenderase, a efectos deste imposto, por período de xeración o número de anos completos transcorridos entre a data da anterior adquisición do terreo ou da constitución ou transmisión dun dereito real de goce limitativo do dominio e a data de devengo, sen que se teña en consideración as fraccións do ano. En ningún caso o período da xeración poderá ser inferior a un ano.

4. Entenderase por valor do terreo, no momento do devengo:

- a) Nas transmisións de terreos, o valor dos mesmos no momento do devengo será o que tenán determinado en dito, momento a efectos do Imposto sobre bens inmobles. Non obstante, cando dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflexe modificacións de planeamento aprobadas coa posterioridade á aprobación da citada ponencia, liquidarase provisionalmente este imposto con arreglo o mesmo. Neste caso, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez se obtivese conforme ós procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido a data do devengo. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes correxiranse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan establecidos ó efecto nas leis de orzamentos xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmovible de características especiais, no momento do devengo do imposto non teña determinado o valor catastral en dito momento, o Concello practicará a liquidación cando o valor catastral sexa determinado, referido dito valor o momento do devengo.

- b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, sobre terreos de natureza urbana, será a parte do valor definido no apartado a) que resulte de aplicar as seguintes regras:

1ª) No caso de constituírse un dereito de usufructo temporal, o seu valor equivalerá a un 2% do valor catastral do terreo por cada ano de duración do mesmo sen que poida exceder do 70% de dito valor catastral.

2ª) Se o usufructo fose vitalicio, o seu valor, no caso de que o usufructuario tivese menos de vinte anos, será equivalente ó 70% do valor catastral do terreo, minorándose esta cantidade nun 1% por cada ano que exceda de dita idade, ata o límite mínimo do 10% do valor catastral.

3ª) Se o usufructo se establece a favor dunha persoa xurídica por un prazo indefinido ou superior a trinta anos, considerándose como unha transmisión da propiedade plena do terreo suxeita a condición resolutoria e o seu valor equivalerá ó 100% do valor catastral do terreo usufrutuado.

4ª) Cando se transmita un dereito de usufruto xa existente, as porcentaxes expresadas nos epígrafes b.1, b.2 e b.3, aplicaranse sobre o valor catastral do terreo no momento da transmisión.

5ª) Cando se transmita o dereito de núa propiedade o seu valor será igual á diferenza entre o valor catastral do terreo e o valor do usufructo, calculado segundo as regras anteriores.

6ª) O valor dos dereitos de uso e habitación será o que resulte de aplicar o 75% do valor catastral dos terreos sobre os que se constitúan tales dereitos as regras correspondentes á valoración dos usufructos temporais ou vitalicios segundo os casos.

7ª) O valor dos dereitos reais de superficie será igual ó 100% do valor catastral dos terreos sobre os que se constituía tal dereito.

- c) Na constitución ou transmisións do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito a realizar a construción baixo o solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, a parte do valor definido no apartado a) anterior que represente, respecto do valor total do terreo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o valor que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír en voo ou subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.
- d) Na constitución ou transmisión de calquera outros dereitos reais de goce limitativos do dominio distintos dos enumerados neste artigo:
2. O resultado de capitalizar ó interese básico do Banco de España a súa renda ou pensión anual.
 3. O prezo pactado na constitución se fose maior.
- e) Nos supostos de expropiación forzosa, a parte ou proporción de xustiprezo que corresponda ó valor do terreo, agás que o valor catastral do solo ou a parte deste relevante para este imposto, nun 40%.

Esta redución non se aplicará se os valores resultantes das novas ponencias fosen inferiores. Así mesmo, o valor catastral reducido non poderá ser inferior ó valor catastral do terreo antes do procedemento de valoración colectiva.

A redución aplicarase respecto de cada un dos cinco primeiros anos de efectividade dos novos valores catastrais.

Artigo 8

A base imponible deste imposto determinarase multiplicando o valor do terreo resultante da aplicación do apartado 4 do artigo anterior polo período de xeración, calculando segundo o apartado 3 do mesmo artigo, e polo coeficiente que corresponda de entre os seguintes:

- a) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo entre 1 e 5 anos: 0,034.
- b) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata 10 anos: 0,032.
- c) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata 15 anos: 0,029.
- d) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo, de ata vinte anos: 0,028.

Artigo 9

1. A cota íntegra deste imposto, será o resultado de aplicar á base imponible que resulte da aplicación dos artigos 7 e 8, o tipo de gravame do 30%.

2. A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a conta íntegra a bonificación prevista no artigo 6 da presente ordenanza.

Artigo 10

1. O imposto devengarase:

a. Cando se transmita a propiedade do terreo, sexa a título oneroso ou, gratuito, entre vivos ou por causa de morte, na data da transmisión.

b. Cando se constituía ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2. Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme que tivese lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito a devolución do imposto satisfeito, sempre que dito acto ou contrato non lle tivese producido efectos lucrativos e reclame a devolución no prazo de cinco anos desde que a resolución quedou firme, en-

tendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucions a que se refire o artigo 1.295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contratos non produci-se efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a devolución ningunha.

3. Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes, non poderá a devolución do imposto satisfeito e considerarse como un acto suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo estimarase a avinza en acto de conciliación e a simple conformidade coa demanda.

4. Nos actos ou contratos en que medie algunha condición, a súa cualificación farase conforme ás prescricions contidas no Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto até que esta se cumpra. Se a condición fose resolutoria, esixirase o imposto, a reserva, cando a condición se cumpra, de facer oportuna devolución segundo o apartado 3 anterior.

Artigo 11

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar no Concello, declaración-liquidación por este imposto en impreso regulamentario do que se proverán no Rexistro Xeral.

Acompañarán a autoliquidación fotocopia do recibo de I.B.I., relativo á finca ou inmovible transmitidos e fotocopia compulsada do documento ou escritura onde consten os actos ou contratos que orixinan a imposición.

No caso de que a identificación da finca que conste no documento de transmisión non coincida cos datos identificativos que figuran no recibo de I.B.I. deberá aportarse plano de situación a solicitar no Concello.

Ingresarán o importe da autoliquidación na entidade bancaria colaboradora e presentarán a declaración-liquidación xunto cos documentos sinalados neste apartado no rexistro Xeral do Concello.

2. As declaración-liquidacións, serán comprobadas polo Concello. A Alcaldía aprobará a liquidación procedente. No caso de que non fose coincidente coa autoliquidación presentada realizarase liquidación complementaria ou devolución de oficio.

3. Os prazos para presentar declaración e no seu caso realizar o ingreso da autoliquidación serán os seguintes:

- Cando se trate de actos inter-vivos, trinta días hábiles a partir da data de devengo.

- Cando se trata de actos por causa de morte, seis meses prorrogables ata un ano, previa solicitude do suxeito pasivo.

4. Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmovible de características especiais, no momento do devengo do imposto non teña determinado o valor catastral, os suxeitos pasivos ou os seus representantes presentarán os documentos referidos no apartado 1 anterior nos prazos sinalados no apartado 3, sen realizar autoliquidación. O Concello practicará a liquidación cando o valor catastral sexa determinado, referido dito valor o momento do devengo.

Artigo 12

1. Están obrigados a comunicar ó Concello a realización do feito imponible, nos mesmos prazos co suxeito pasivo:

a. Nas transmisións, e nas constitucións ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título lucrativo inter-vivos, o doador ou quen constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

b. Nas transmisións e nas constitucións, de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título oneroso o adquirente ou a persoa a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate. O Concello facilitará impresos regulamentarios para estas declaracións.

2. Os notarios estarán obrigados a remitir ó Concello, dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de tódolos documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que conteñan feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito imponible deste imposto, con excepción dos

actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir dentro do mesmo prazo relación de documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lle fosen presentados para coñecementos ou lexitimación de sinaturas. O previsto neste apartado enténdese sen perxuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei xeral tributaria.

Artigo 13

No relativo as infraccións e sancións tributaria así como en todo o non previsto nesta ordenanza será de aplicación a Lei xeral tributaria e restante normativa de aplicación.

Disposición final

A ordenanza fiscal surtirá efectos para o exercicio do ano 2004 e permanecerá en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

Fornelos de Montes, 20 de decembro de 2003.—O Alcalde, Serafín A. Martínez Martínez. 10100

* * *

B U E U

A N U N C I O

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en Sesión de data 5 de Novembro de 2003 a “Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeis” e publicado o anuncio no B.O.P. de data 17/11/2003 para a súa exposición pública durante os 30 días seguintes sen que se teñan presentado alegacións no devandito prazo, enténdese aprobado definitivamente procedéndose a súa publicación íntegra no B.O.P. ós efectos establecidos no art. 17.3 e 17.4 da Lei 39/1.988

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

ARTIGO 1.—NATUREZA E FUNDAMENTO

1. O Imposto sobre Bens Inmóbeis é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos Bens Inmóbeis sitios no termo municipal de Bueu, establecido con carácter obrigatorio na Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais.

2. De conformidade cos artigos 60.1.b), 15.2 e 16 da citada Lei 39/1988 o Concello de Bueu acorda a Ordenación deste tributo segundo as normas que contén a presente Ordenanza, en concordancia co disposto nos artigos 61 a 78 da Lei 39/1988, Lei 48/2002 do Catastro Inmobiliario e restante normativa de aplicación.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible deste imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmóbeis rústicos e urbanos, e sobre os inmóbeis de características especiais:

- Dunha concesión administrativa sobre os propios inmóbeis ou sobre os servizos públicos ós que estean afectados.
- Dun dereito real de superficie.
- Dun dereito real de usufructo.
- Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda, de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades no mesmo previstas.

3. Ós efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmóbeis rústicos, urbanos e de características especiais os definidos como tales na Lei 48/2002 de 23 de decembro do Catastro Inmobiliario. Segundo a disposición transitoria primeira da citada lei, a clasificación de bens inmóbeis rústicos e urbanos establecida nela terá efectividade desde o 1 de xaneiro de 2006. Ata dita data os bens inmóbeis que figuren ou se

dean de alta no Catastro Inmobiliario terán a natureza que lles corresponda conforme á normativa anterior.

4. En consecuencia, ata o 31 de decembro de 2005 serán bens inmóbeis de natureza urbana :

- O solo urbano, o declarado urbanizable pola normativa urbanística vixente do Concello de Bueu, o urbanizable ou asimilado pola normativa autonómica. Así mesmo, o que dispoña de vías pavimentadas ou encintado de beirarrúas e conte, ademais, con rede de sumidoiros, subministro de auga, de enerxía eléctrica e alumeadado público, e os ocupados por construcións de natureza urbana.

Terán a mesma consideración os terreos que se fraccionen en contra da lexislación agraria, sempre que tal fraccionamento desvirtúe o seu uso agrario, e sen que isto represente alteración algunha da natureza rústica dos mesmos a outros efectos que non sexan os do presente imposto.

- As construcións de natureza urbana, entendendo por tales:

- Os edificios, sexan calesqueira os elementos de que estean construídos, os lugares onde se atopen emprazados, a clase de solo en que foran levantados e mailo uso ó que se destinen, aínda cando pola forma da súa construción sexan transportables, e cando o terreo sobre o que estean situados non pertenza ó dono da construción, así como as instalacións comerciais e industriais asimilables ós mesmos.
- As obras de urbanización e mellora, así como as que se efectúan para o uso de espazos descubertos, tendo esta consideración os recintos dedicados a mercados, depósitos ó aire libre, campos e instalacións destinadas á práctica deportiva, os estacionamentos e mailos espazos anexos ás construcións.
- As restantes construcións non calificadas expresamente como de natureza rústica ou de características especiais.

5. Ata 31 de decembro de 2005, terán a consideración de bens inmóbeis de natureza rústica:

- Os terreos que non teñan a consideración de urbanos ou de características especiais.
- As construcións de natureza rústica, abrangendo estas ó edificios e instalacións de carácter agrario que estean situados en terreos de natureza rústica e sexan de carácter indispensable para o desenvolvemento das explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.

Non terán a consideración de construcións a efectos deste imposto os galpóns ou alpendres de pequena entidade empregados nas explotacións antes referidas que, polo carácter pouco duradeiro dos materiais empregados, só sirvan para usos tales como o maior aproveitamento da terra, protección dos cultivos, resguardo temporal do gando en despoboado e garda de apeiros e instrumentos propios desta actividade á que estean afectados.

Tampouco terán a consideración de construcións a efectos deste imposto as obras e melloras incorporadas ós terreos de natureza rústica, que formarán parte indisoluble do valor destes.

6. Segundo o disposto no artigo 2.7 da Lei 48/2002 de 23 de decembro do Catastro Inmobiliario, os bens inmóbeis de características especiais constitúen un conxunto complexo de uso especializado, integrado por solo, edificios, instalacións e obras de urbanización e mellora, que polo seu carácter unitario e por estar vinculado de forma definitiva para o seu funcionamento, configúrase a efectos catastrais como un único inmovible.

Considéranse bens inmóbeis de características especiais os comprendidos nos seguintes grupos:

- Os destinados a produción de enerxía eléctrica e gas e ó refino de petróleo, e as centrais nucleares.
- A presas, saltos de auga e encoros, incluído o seu leito ou vaso, excepto as destinadas exclusivamente ó rego.
- As autoestradas, estradas e túneles de peaxe.
- Os aeroportos e portos comerciais.